

Área de  
CONTRATAÇÃO e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATAÇÃO, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## INFORME-PROPOSTA

### ANTECEDENTES

En data 14 de setembro de 2023 a Mesa de Contratación acordou, á vista das actuacións practicadas e dos acordos adoptados, entre outros asuntos (punto 10e da orde do día), formular proposta de clasificación no procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### -I-

#### Da clasificación dos licitadores

A Mesa de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas para, posteriormente, elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación, atendendo aos criterios de adxudicación sinalados no prego (artigo 150 LCSP e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares).

#### -II-

#### Competencia para resolver

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Por resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023 correspóndelle á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a aprobación das propostas de clasificación dos licitadores formuladas polo órgano correspondente.

#### -III-

#### Proposta de resolución

Á vista do exposto, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2023 14:33	Páxina 1 de 2
9274-106	CSV: ABA532-A1D93C-4BCDC5-ZP199C-W67BCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

A secretaria suplente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023)  
(sinatura dixital)

**Dou fe,** a secretaria de Goberno Local  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2023 14:33	Páxina 2 de 2
9274-106	CSV: ABA532-A1D93C-4BCDC5-ZP199C-W67BCG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		